



LISTADO DE ACORDOS ADQUIRIDOS NA ASAMBLEA XERAL DA FGA

ASAMBLEA XERAL ANO 2009

Facultade de Ciencias do Deporte, A Coruña, 21 febreiro 2009, A Coruña

Acordo nº 1) Límites comarcais de actuación da nova delegación de O Barco Valdeorras.

A raíz do acordo adoptado recentemente por parte da Xunta Directiva e Comisión Delegada de crear unha Delegación en O Barco de Valdeorras, e considerando o disposto no artigo 105º dos actuais Estatutos da Federación Galega de Atletismo ao indicar que: “A FGA estrutúrase territorialmente en Delegacións. Cada Delegación quedará integrada por Clubes, Atletas, Adestradores e Xuíces que correspondan ao límite xeográfico fixado pola Asemblea Xeral”. Cada Delegación da FGA na provincia de Ourense repartirase xeográficamente nas seguintes comarcas:

DELEGACIÓN DE OURENSE	DELEGACIÓN DE O BARCO
<ul style="list-style-type: none">➤ Allariz Maceda➤ A Limia➤ Baixa Limia➤ Caldelas➤ Carballiño➤ Celanova➤ Ourense➤ Ribeiro➤ Verín	<ul style="list-style-type: none">➤ Trives➤ Valdeorras➤ Viana

En calquer caso, estudarase unha nova reorganización de todas as delegacións, podendo incluír concellos de diferentes provincias, solicitando á Asemblea Xeral que faculte a Comisión Delegada en vindeiras xuntanzas.



FEDERACION GALEGA DE ATLETISMO
Avda. De Glasgow 13.-Complejo Deportivo Elviña
Teléfono 981 29 16 83-Fax 981 29 20 56
15008 - A CORUÑA
Correo electrónico : fgatletismo@telefonica.net
web: www.fgatletismo.es

Acordo nº 2) Delegación no Comité Técnico da aprobación dos temas técnicos das competicións.

“Unha das funcións da Asamblea Xeral reflectida no artigo 18º dos actuais Estatutos da FGA e “*a aprobación dos regulamentos das competicións*”. A nivel da Asamblea Xeral da RFEA, os temas técnicos (marcas mínimas, pesos artefactos, distancias, formas de clasificación... etc) foron transferidos ao Comité Técnico, por delegación expresa da propia Asamblea. Apróbase na Asamblea Xeral da FGA a delegación no Comité Técnico para o establecemento dos temas técnicos que confiren á competición, salvo o calendario de competicións.

Acordo nº 3) Mínimas para obter medalla nos campionatos Galegos de veteranos

Acórdase o establecemento dunhas mínimas que se esixirán aos atletas veteranos que desexen obter unha medalla nos distintos campionatos galegos. Estas mínimas confeccionaranse en función do porcentaxe de rendemento seguindo a liña da Real Federación Española de Atletismo.



FEDERACION GALEGA DE ATLETISMO
Avda. De Glasgow 13.-Complejo Deportivo Elviña
Teléfono 981 29 16 83-Fax 981 29 20 56
15008 - A CORUÑA
Correo electrónico : fgatletismo@telefonica.net
web: www.fgatletismo.es

ASAMBLEA XERAL ANO 2008

Hotel Congreso, 26 Xaneiro 2008, Santiago de Compostela

Acordo nº 1) Unificación e establecemento da cuota das licencias autonómicas de adestrador.

Acórdase establecer unha única cota de 30 euros para obter a licencia autonómica de adestrador. Esta licencia dá dereito a un seguro de RC e accidentes así como a formar parte do censo da Escola Galega de Adestradores de Atletismo.



ASAMBLEA XERAL ANO 2007

Hotel Congreso, 10 Febreiro 2007, Santiago de Compostela

Acordo nº 2) Atletas estranxeiros medallistas en campionatos galegos.

Admitiranse como **medallistas nos Campionatos Galegos** a todos aqueles **atletas estranxeiros** que cumpran as seguintes condicións:

- a. Ter ficha a lo menos nas tres últimas tempadas (incluída a actual).
- b. Estar censados nalgún concello de Galicia.
- c. Ter licencia pola FGA.

Acordo nº 3) Clasificación conxunta nos campionatos por equipos.

Nos **Campionatos por equipos** establecerase unha **clasificación conxunta**, ademais da xa establecida masculina e feminina. (*Queda pendente de elaborar a forma de puntuar esta nova clasificación*)